

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE XUÑO DE 2021**



ÍNDICE

| | | |
|------|---|----|
| 1 | INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2 | DESCRIBIÓN SINÓPTICA DO MES | 4 |
| 3 | ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA | 5 |
| 4 | RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. | 7 |
| 5 | TEMPERATURA | 11 |
| 5.1. | Temperatura media das máximas. | 11 |
| 5.2. | Temperatura media das mínimas. | 12 |
| 5.3. | Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010. | 13 |
| 5.4. | Evolución da temperatura media no período 1961-2021. | 17 |
| 6 | PRECIPITACIÓN | 18 |
| 6.1. | Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. | 19 |
| 6.2. | Días de chuvia en xuño de 2021 | 20 |
| 6.3. | Evolución da precipitación en xuño de 2021. | 22 |
| 7 | VENTO | 23 |
| 8 | RADIACIÓN SOLAR | 27 |
| 8.1. | Mapa de irradiación solar mensual | 27 |
| 8.2. | Anomalía de insolación con respecto ó valor normal. | 28 |
| 9 | RAIOS | 29 |

Anexos:

Resumo mensual

Calendario de xuño de temperatura mínima

Calendario de xuño de temperatura máxima

Calendario de xuño de precipitación acumulada

Calendario de xuño de refacho máximo

Data edición: 07/07/2021



Mes de xuño lixeiramente frío e moi húmido.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

| Percentil | Categoría |
|-----------------------|------------------------|
| < mínimo en 1981-2010 | Extremadamente frío |
| Entre 5% e 20% | Moi frío |
| Entre 20% e 40% | Frío |
| Entre 40% e 60% | Normal |
| Entre 60% e 80% | Cálido |
| Entre 80% e 95% | Moi cálido |
| >máximo en 1981-2010 | Extremadamente cálido. |

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

| Percentil | Categoría |
|-----------------------|------------------------|
| < mínimo en 1981-2010 | Extremadamente seco |
| Entre 5% e 20% | Moi seco |
| Entre 20% e 40% | Seco |
| Entre 40% e 60% | Normal |
| Entre 60% e 80% | Húmido |
| Entre 80% e 95% | Moi Húmido |
| >máximo en 1981-2010 | Extremadamente Húmido. |

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de xuño quedou caracterizado por dúas metades completamente diferentes. Así, nos primeiros 15 días o predominio foi para as altas presións e a presenza de aire cálido en superficie, mentres que nas últimas semanas o achegamento dalgunha borrasca e de zonas de aire frío deixou os termómetros por debaixo do normal neste mes. Ademais, nalgún destes episodios tivemos chuvias moi cuantiosas o que explica que as chuvias acumuladas ao longo do mes estivesen moi por riba do habitual.

Nos primeiros dous días a situación foi intermedia, con algún chuvasco o día 1 e chuvias máis febles entrando polo oeste ao día seguinte.

Foi na xornada do día 3 cando as altas presións conseguían impoñerse, achegando estabilidade e tamén de xeito progresivo aire cálido dende o sur.

Esta situación mantívose ata o día 10, deixando xornadas de ceo moi aberto, con algunha nube de estancamento no extremo norte e temperaturas en progresivo ascenso, quedando as máximas por riba dos 30°C en moitos puntos ao final do episodio, e mesmo por riba dos 35°C en áreas do interior.

Entre os días 11 e 15 as altas presións e a presenza de aire cálido en superficie mantivéronse sobre Galicia, pero a esta situación houbo que sumarlle a presenza de aire frío en altura, o que ocasionou un importante incremento da inestabilidade. As altas temperaturas e a sensación de bochorno seguiron presentes, pero as protagonistas principais desas xornadas foron as tormentas que durante as tardes acadaron intensidade puntualmente torrencial e viñeron acompañadas de sarabia e aparato eléctrico.

Entre o 16 e o 17 as temperaturas descenderon moito en superficie e comezaron a dominar as baixas presións en superficie, polo que as tormentas foron a menos.

Entre o 17 e o 21 quedamos no radio de acción das baixas presións localizadas no Atlántico norte, que deixaron un tempo moi outonal. Foron 5 xornadas de ceos moi anubrados, chuvias bastante xeneralizadas e temperaturas moi por debaixo do habitual na altura do ano.



Destacan neste episodio as chuvias do día 17, que na metade oeste foron moi persistentes e chegaron a acumular cantidades superiores aos 50 L/m² e mesmo superiores ás medias de todo o mes de xuño.

O día 22 foi de transición e nas xornadas do 23, 24 e 25 gozamos de novo dunha situación de altas presións. Foron 3 xornadas de ceo aberto e temperaturas propias da época estival.

Pero non foi unha situación moi prolongada xa que a chegada de aire frío dende o Atlántico e o paso dunha fronte pouco activa na tarde do 26, deixaba xornadas de ceo parcialmente anubrado con algunhas chuvias febles e illadas entre o 26 e o 28. De novo durante este episodio as temperaturas estiveron por debaixo da expectativa na época do ano.

A xornada do 29 foi de transición, con ceo xa aberto pola tarde, para despedir o mes o día 30 cunha xornada anticiclónica, na que houbo nubes baixas e néboas ao principio, pero os ceos quedaron despexados pola tarde.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

Tanto nos mapas de anomalía de presión en superficie (Figura 1), como no de altura xeopotencial de 500hPa, (Figura 2), xuño caracterizouse pola presenza das baixas presións en Islandia e unha anomalía positiva na que houbo predominancia anticiclónica no leste de Europa. A alta variabilidade de situacións que afectaron á Comunidade e gran parte da Península, fixeron que a anomalía non fose significativa nestas rexións.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Xuño-2021.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Xuño-2021.



4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou xuñor a 1 mm.



A CORUÑA

| | XUÑO 2021 CTH/CEC | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie* | valor mínimo da serie* |
|-------------------------|-----------------------|------------------------|---------------------------|---------------------------|
| Tª media | 16.7/16.6 | 17.4 | 19.1 (2005) | 14.2 (1972) |
| Tª mínima media | 14.1/14.0 | 14.3 | 15.7 (2004) | 11.5 (1946) |
| Tª mínima absoluta | 10.2/10.3 (día 4) | 4.2 (07/06/1936) | | |
| Tª mínima máis alta | 16.8/17.3 (día 12/13) | 20.2 (16/06/2000) | | |
| Tª máxima media | 19.3/19.3 | 20.5 | 22.7 (2005) | 16.6 (1972) |
| Tª máxima absoluta | 24.7/15.6 (día 13) | 34.8 (03/06/1980) | | |
| Tª máxima máis baixa | 15.9/15.6 (día 17/18) | 13.0 (10/06/1966) | | |
| Precipitación acumulada | 88 | 25-45 | 142 (1935) | 1 (1962) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 9 | 7 | 18 (1935) | 1 (1962) |

Comentario: Mes frío en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A chuvia rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, considerándose un mes moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, superior ao valor climático ao agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2021. Temperatura: 1948-2021.

SANTIAGO

| | XUÑO 2021 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie* | valor mínimo da serie* |
|-------------------------|---------------|------------------------|---------------------------|---------------------------|
| Tª media | 17.0 | 17.6 | 20.1 (2005) | 15.5 (1992) |
| Tª mínima media | 13.3 | 13.2 | 14.2 (2004) | 11.2 (1992) |
| Tª mínima absoluta | 8.2 (día 3) | 4.8 (05/06/1984) | | |
| Tª mínima máis alta | 21.0 (día 15) | 22.9 (27/06/2012) | | |
| Tª máxima media | 22.0 | 22.2 | 26.0 (2005) | 19.8 (1992) |
| Tª máxima absoluta | 31.6 (día 15) | 36.9 (25/06/2011) | | |
| Tª máxima máis baixa | 14.1 (día 20) | 11.3 (02/06/1984) | | |
| Precipitación acumulada | 101 | 37-57 | 143 (2009) | 7 (2011) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 7 | 7 | 20 (1997) | 1 (1996) |

Comentario: Mes lixeiramente frío tendo en conta as temperaturas medias e máximas. Sen embargo, para as mínimas resultou normal.

A precipitación rexistrada foi superior ao rango de valores normais, aínda que, o número de días de chuvia acadou o valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2021. Temperatura: 1982-2021.



LUGO

| | XUÑO 2021 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie* | valor mínimo da serie* |
|-------------------------|---------------|------------------------|---------------------------|---------------------------|
| Tª media | 16.8 | 16.8 | 19.5 (2004) | 14.9 (1992) |
| Tª mínima media | 11.1 | 11 | 12.9 (2005) | 8.8 (1991) |
| Tª mínima absoluta | 3.5 (día 4) | 2.8 (11/06/2011) | | |
| Tª mínima máis alta | 16.4 (día 15) | 17.5 (06/06/2004) | | |
| Tª máxima media | 22.5 | 22.6 | 26.3 (2004) | 19.3 (1992) |
| Tª máxima absoluta | 30.8 (día 13) | 36.4 (23/06/2020) | | |
| Tª máxima máis baixa | 14.6 (día 18) | 11.0 (02/06/1984) | | |
| Precipitación acumulada | 98 | 22-40 | 169 (2010) | 3 (2011) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 9 | 6 | 16 (1982) | 1 (2011) |

Comentario: Mes normal en xeral tendo en conta todas as temperaturas.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, cualificándose o mes como moi húmido. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, tamén superior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2021. Temperatura: 1981-2021.

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

| | XUÑO 2021 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie* | valor mínimo da serie* |
|-------------------------|---------------|------------------------|---------------------------|---------------------------|
| Tª media | 18.5 | 18.6 | 21.1 (2004) | 15.4 (1972) |
| Tª mínima media | 13.2 | 13.0 | 15.3 (2004) | 10.2 (1972) |
| Tª mínima absoluta | 8.0 (día 4) | 4.6 (05/06/1984) | | |
| Tª mínima máis alta | 19.0 (día 13) | 19.5 (14/06/2003) | | |
| Tª máxima media | 23.8 | 24.1 | 27.2 (1976) | 20.4 (1977) |
| Tª máxima absoluta | 33.1 (día 15) | 39.6 (19/06/2003) | | |
| Tª máxima máis baixa | 17.1 (día 19) | 14.0 (04/06/1963) | | |
| Precipitación acumulada | 63 | 39-61 | 229 (1974) | 1 (1962) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 6 | 7 | 15 (2012) | 0 (1962) |

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas medias e máximas. Sen embargo, para as temperaturas mínimas o mes foi lixeiramente cálido.

A precipitación rexistrada superou o rango de valores normais, resultando un mes húmido pero preto da normalidade. O número de días de chuvia foi inferior ao valor climático agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2021. Temperatura: 1958-2021.



OURENSE

| | XUÑO 2021 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie* | valor mínimo da serie* |
|-------------------------|---------------|------------------------|---------------------------|---------------------------|
| Tª media | 20.3 | 20.2 | 23.8 (2004) | 16.4 (1977) |
| Tª mínima media | 12.7 | 12.9 | 15.6 (2004) | 10.4 (1977) |
| Tª mínima absoluta | 5.5 (día 4) | 2.4 (03/06/1975) | | |
| Tª mínima máis alta | 17.5 (día 11) | 22.1 (27/06/2012) | | |
| Tª máxima media | 28.0 | 27.5 | 32.0 (2004) | 22.4 (1977) |
| Tª máxima absoluta | 36.1 (día 15) | 40.9 (26/06/2011) | | |
| Tª máxima máis baixa | 18.0 (día 20) | 12.6 (03/06/1984) | | |
| Precipitación acumulada | 99 | 25-31 | 127 (1988) | 0 (2011) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 11 | 5 | 14 (1988) | 0 (2011) |

Comentario: Mes normal tendo en conta as temperaturas medias e mínimas, mentres que para as máximas resultou lixeiramente cálido.

A precipitación rexistrada foi moi superior ao rango de valores normais, resultando un mes moi húmido. O número de días de chuvia tamén foi moi superior ao agardado.

Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1973-2021. Temperatura: 1972-2021.

5 TEMPERATURA

As temperaturas medias non quedaron moi afastadas da normalidade, pero iso oculta a importante variabilidade dentro do mes. Nas primeiras semanas dominou o calor e as anomalías positivas eran moi acusadas, pero os episodios de aire frío a partir do 17 cancelaron esas anomalías e mesmos nalgúns puntos as medias ao final do mes estaban por debaixo do habitual.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de xuño de 2021.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de xuño para Galicia, a partir dos valores do mapa da Figura 3 foi de 21.3 °C. Os valores máis altos rexistráronse nas localidades limítrofes co río Sil, pero tamén en gran parte do Miño ourensá e localidades do interior da provincia de Pontevedra e o sur de Lugo. Nestes puntos, as temperaturas que estiveron moi preto dos 28 °C. As máximas máis baixas déronse na serra do Xistral, onde se acadaron valores que lixeiramente en torno aos 14 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de xuño, a partir dos valores do mapa da Figura 4, para o territorio galego foi de 10.6 °C. Os valores máis baixos rexistráronse na comarca da Limia e no macizo de Manzaneda, con temperaturas medias que chegaron aos 4.9 °C. Pola contra, os valores máis altos déronse no litoral da Ría de Vigo e da Península do Morrazo, con valores moi próximos aos 15.7 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de xuño de 2021.



5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

O mapa de anomalías de temperatura media mostra un mes de xuño con moitas localidades que foron frías. A excepción foi a comarca de Verín, que resultou cálida para a época do ano. A distribución das zonas máis frías neste mes é moi heteroxénea, aínda que destaca de xeito especial o leste da provincia de Lugo, a comarca de A Coruña, as Mesetas e Fosas occidentais, pero tamén gran parte da provincia de Ourense. Os valores máis elevados na anomalía da temperatura media, que como se dixo acadáronse na comarca de Verín, chegaron aos $+1.1\text{ }^{\circ}\text{C}$, tal e como se pode apreciar na Figura 5. As anomalías máis baixas acadaron nos casos máis extremos anomalías de $-1.4\text{ }^{\circ}\text{C}$. A anomalía de temperatura media no conxunto de Galicia segundo os valores do mapa foi de $-0.2\text{ }^{\circ}\text{C}$.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media ($^{\circ}\text{C}$) de xuño de 2021 respecto ó período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ao período climático 1981-2010. As anomalías máis altas (Táboa 1) déronse principalmente na comarcas de Verín e algunhas localidades da provincia de Pontevedra. As máis baixas (Táboa 2) déronse principalmente na comarca de Cabana de Bergantiños.

| Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010 | | |
|---|------------|---------------|
| Concello | provincia | anomalía (°C) |
| Verín | Ourense | 0.9 |
| Vilardevós | Ourense | 0.9 |
| Oímbra | Ourense | 0.6 |
| Monterrei | Ourense | 0.5 |
| Gondomar | Pontevedra | 0.5 |
| Boiro | A Coruña | 0.5 |
| Riós | Ourense | 0.5 |
| Vilaboa | Pontevedra | 0.4 |
| Toques | A Coruña | 0.4 |
| O Carballiño | Ourense | 0.4 |

Táboa 1: Anomalías de temperatura media máis elevadas no mes de xuño de 2021.

| Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010 | | |
|--|-----------|---------------|
| Concello | Provincia | anomalía (°C) |
| Coristanco | A Coruña | -1.2 |
| Cabana de Bergantiños | A Coruña | -1.0 |
| Ponteceso | A Coruña | -1.0 |
| Ribeira de Piquín | Lugo | -0.9 |
| Meira | Lugo | -0.9 |
| Malpica de Bergantiños | A Coruña | -0.9 |
| Xunqueira de Espadanedo | Ourense | -0.9 |
| Carnota | A Coruña | -0.9 |
| Fisterra | A Coruña | -0.9 |
| Maceda | Ourense | -0.8 |

Táboa 2: Anomalías de temperatura media máis baixas no mes de xuño de 2021.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de xuño de 2021 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. A xornada do 15 presentou as temperaturas máis elevadas por debaixo dos 1000 m e por riba dos 1000 m.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2021 por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
|---|-------------------|--------------------------|------------|---------|
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 15/06/2021 | Ourense | OURENSE | Ourense | 36.1 |
| 15/06/2021 | Entenza | SALCEDA DE CASELAS | Pontevedra | 35.7 |
| 15/06/2021 | Ourense-Estacións | OURENSE | Ourense | 35.6 |
| 10/06/2021 | Remuíño | ARNOIA (A) | Ourense | 35.2 |
| 11/06/2021 | A Portela | VILAMARTÍN DE VALDEORRAS | Ourense | 35.1 |
| 15/06/2021 | Torrequintáns | MEIS | Pontevedra | 35.0 |
| 15/06/2021 | EVEGA Leiro | LEIRO | Ourense | 35.0 |
| 12/06/2021 | San Clodio | RIBAS DE SIL | Lugo | 34.8 |
| 15/06/2021 | O Viso | REDONDELA | Pontevedra | 34.4 |
| 15/06/2021 | Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | 34.4 |

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xuño 2021 a unha altitude menor de 1000 m.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de xuño de 2021 por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
|--|-----------------|--------------------------|-----------|---------|
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 11/06/2021 | O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | 28.9 |
| 15/06/2021 | San Xoán de Río | SAN XOÁN DE RÍO | Ourense | 28.5 |
| 15/06/2021 | A Mezquita | MEZQUITA (A) | Ourense | 28.1 |
| 15/06/2021 | Xurés | MUIÑOS | Ourense | 27.8 |
| 15/06/2021 | Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | 26.7 |
| 15/06/2021 | O Cebreiro | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 26.2 |
| 15/06/2021 | Casaio | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 25.8 |
| 15/06/2021 | Corzos | VEIGA (A) | Ourense | 25.8 |
| 15/06/2021 | Ancares | CERVANTES | Lugo | 25.1 |
| 13/06/2021 | O Xistral | MURAS | Lugo | 24.0 |

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas en xuño de 2021 a unha altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en Galicia no mes de xuño de 2021 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. A xornada máis fría do mes, en ambas altitudes foi a do 4 de xuño.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2021 | | | | |
|--|---------------------|--------------------------|------------------|----------------|
| por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 04/06/2021 | O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | -0.85 |
| 04/06/2021 | Corzos | VEIGA (A) | Ourense | -0.13 |
| 03/06/2021 | Cabeza de Manzaneda | MANZANEDA | Ourense | 0.63 |
| 23/06/2021 | Xares | VEIGA (A) | Ourense | 0.81 |
| 04/06/2021 | Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | 1.02 |
| 04/06/2021 | Ancares | CERVANTES | Lugo | 1.72 |
| 23/06/2021 | Lardeira | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 1.73 |
| 04/06/2021 | O Cebreiro | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 1.75 |
| 04/06/2021 | Alto do Poio | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 2.15 |
| 04/06/2021 | A Mezquita | MEZQUITA (A) | Ourense | 2.35 |

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xuño de 2021 a unha altitude maior a 1000m.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de xuño de 2021 | | | | |
|--|----------------------|------------------|------------------|----------------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 04/06/2021 | Calvos | CALVOS DE RANDÍN | Ourense | -2.1 |
| 04/06/2021 | Lanzós | VILALBA | Lugo | -0.9 |
| 04/06/2021 | Mouriscade | LALÍN | Pontevedra | 0.18 |
| 04/06/2021 | Sambreixo | GUITIRIZ | Lugo | 0.21 |
| 04/06/2021 | Feiranova-Santaballa | VILALBA | Lugo | 0.7 |
| 04/06/2021 | Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | 1.03 |
| 04/06/2021 | Cospeito | COSPEITO | Lugo | 1.24 |
| 04/06/2021 | Baltar | BALTAR | Ourense | 1.46 |
| 04/06/2021 | Viana do Bolo | VIANA DO BOLO | Ourense | 1.55 |
| 04/06/2021 | Xinzo | XINZO DE LIMIA | Ourense | 1.59 |

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas en xuño de 2021 a altitude menor de 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2021.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021 para esta serie foi 17.3 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2021 para xuño.

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.38 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como lixeiramente frío. Isto debeuse tanto á contribución da temperatura mínimas (-0.22°C) como da temperatura máxima (-0.54 °C), resultando en ambos casos o mes tamén lixeiramente frío. O precedente máis frío atopámolo xa no anterior 2020.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en xuño, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As chuvias estiveron por riba do normal, debido por unha parte aos episodios tormentosos acaecidos entre os días 11 e 16, pero por outra ás chuvias persistentes, de tipo frontal, asociadas ao episodio outonal que vivimos entre os días 17 e 21. Cómpre destacar que xuño non é un mes climatolóxicamente moi chuvioso, polo que episodios de abundante precipitación como as do día 17 por si mesmas fan que se acumule tanta chuvia como a que se podería agardar en todo o mes.

Segundo os valores do mapa da Figura 8, a precipitación media acumulada foi de 109 L/m². As precipitacións acumuladas máis elevadas acadáronse na Galicia septentrional, pero tamén foron importantes nas comarcas dos Ancares, e localmente na comarca do Xallas, con valores que superaron os 200 L/m². Os valores máis baixos de precipitación déronse principalmente no Baixo Miño, con valores lixeiramente próximos a 23 L/m².




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de xuño de 2021.



6.1. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da Figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de xuño con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego, segundo os valores do mapa, foi un 93.7 % superior ao período de referencia 1981-2010. Existe un gran contraste entre distintas zonas, unhas moito máis húmidas que outras, debido ao carácter tormentoso da precipitación, durante bastantes xornadas do mes. Así, na figura pódese apreciar como o interior da provincia de Lugo, gran parte da provincia de Ourense, pero tamén a comarca do Deza e Tabeirós Terra de Montes entre outros, chegaron a presentar porcentaxes de precipitación de ata un 216% por riba do normal. As precipitacións foron menores no oeste da Comunidade, chegando a acadar no Baixo Miño porcentaxes de precipitación de ata un 28 % por debaixo do normal nesta época do ano.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de xuño de 2021.

6.2. Días de chuva en xuño de 2021

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 9. Os valores máis altos acadáronse na comarca de Ferrol, con valores superiores aos 12 días de chuva. Pola contra, no Baixo Miño, rexistráronse os valores máis baixos, acadándose 4 días de chuva.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de xuño de 2021.



A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de xuño. As precipitacións acumuladas neste mes superaron os 100 L/m² acumulados no mes en moitas localidades. A xornada do 17, foi unha das máis chuviosas, na que se superaron os valores normais de todo o mes.

| Precipitacións acumuladas máximas en xuño de 2021 | | | |
|---|-----------------------|------------|----------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) |
| Penedo do Galo | VIVEIRO | Lugo | 216 |
| Serra da Faladoira | ORTIGUEIRA | A Coruña | 206 |
| Ancares | CERVANTES | Lugo | 194 |
| Fragavella | ABADÍN | Lugo | 170 |
| Borreiros | VIVEIRO | Lugo | 169 |
| Xesteiras | CUNTIS | Pontevedra | 166 |
| Alto do Poio | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 163 |
| Corno do Boi | FRIOL | Lugo | 162 |
| Río do Sol | CORISTANCO | A Coruña | 161 |
| Guitiriz-Mirador | VILALBA | Lugo | 161 |

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de xuño de 2021.

| Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²) | | | | |
|--|------------|------------|----------------------------|--------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) | Instante de inicio (UTC) |
| Penedo do Galo | VIVEIRO | Lugo | 141 | 17/06/2021 8:40 |
| San Fiz | CHANTADA | Lugo | 100 | 15/06/2021 18:50 |
| Borreiros | VIVEIRO | Lugo | 93 | 17/06/2021 4:20 |
| Rus | CARBALLO | A Coruña | 89 | 17/06/2021 2:00 |
| Cariño | CARIÑO | A Coruña | 88 | 17/06/2021 3:00 |
| Río do Sol | CORISTANCO | A Coruña | 85 | 17/06/2021 1:30 |
| Baltar | BALTAR | Ourense | 79 | 17/06/2021 10:20 |
| Fragavella | ABADÍN | Lugo | 78 | 17/06/2021 6:50 |
| Guitiriz-Mirador | VILALBA | Lugo | 75 | 17/06/2021 6:50 |
| Xesteiras | CUNTIS | Pontevedra | 73 | 20/06/2021 1:30 |

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de xuño de 2021.

6.3. Evolución da precipitación en xuño de 2021

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2021, para esta serie, foi 96 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2021 para xuño.

A anomalía media das precipitacións para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi un 102 % superior ao valor climático normal. Isto fai que o mes poida considerarse moi húmido, tendo en conta o conxunto da Comunidade. O precedente máis húmido atopámolo no ano 2018.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en xuño, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h. Na táboa 9 obsérvase que tan só tres localidades rexistraron ventos por riba deste limiar, aínda que o superaron en dúas xornadas. As porcentaxes de calmas foron elevadas en bastantes estacións, e pódese observar como a dirección do vento ten predominancia do N-NE.

| Refachos máximos superiores aos 100 km/h en xuño | | | | |
|--|-----------------|-----------|-----------|----------------|
| Data | Estación | Concello | Provincia | Refacho (km/h) |
| 13/06/2021 | Xares | VEIGA (A) | Ourense | 121.2 |
| 20/06/2021 | Punta Candieira | CEDEIRA | A Coruña | 110.7 |
| 20/06/2021 | Penedo do Galo | VIVEIRO | Lugo | 100.2 |

Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de xuño de 2021.

| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Lira | Carnota | 82.3 | NE | 10 | | |
| | | Día 12 | | | | |
| Pta. Candieira | Cedeira | 110.7 | NE | 7 | | |
| | | Día 20 | | | | |





| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Malpica | Malpica | 68.6 | E | 7 | | |
| | | Día 20 | | | | |
| Marco da Curra | Monfero | 62.3 | NE | 8 | | |
| | | Día 20 | | | | |







Táboa 10: Resumo do vento no mes de xuño de 2021 na provincia de A Coruña.

| PROVINCIA DE LUGO | | | | | | |
|-------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Penedo do Galo | Viveiro | 100.1 | E | 3 | | |
| | | Día 20 | | | | |
| Campus Lugo | Lugo | 40.7 | N | 44 | | |
| | | Día 11 | | | | |







| PROVINCIA DE LUGO | | | | | | |
|-------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Ancares | Cervantes | 74.1 | NE | 11 |  |  |
| | | Día 20 | | | | |

Táboa 11: Resumo vento no mes de xuño de 2021 na provincia de Lugo

| PROVINCIA DE OURENSE | | | | | | |
|----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Xares | A Veiga | 121.2 | N | 7 |  |  |
| | | Día 13 | | | | |
| Rodicio | Maceda | 68.0 | NE | 13 |  |  |
| | | Día 15 | | | | |
| Gandarela | Celanova | 76.6 | NO | 41 |  |  |
| | | Día 15 | | | | |

Táboa 13: Resumo do vento no mes de xuño de 2021 na provincia de Ourense.



| PROVINCIA DE PONTEVEDRA | | | | | | |
|-------------------------|--------------------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Fornelos | Fornelos de Montes | 76.2 | NO | 13 |  |  |
| | | Día 20 | | | | |
| Cíes | Vigo | 78.1 | NE | 15 |  |  |
| | | Día 20 | | | | |

Táboa 14: Resumo do vento no mes de xuño de 2021 na provincia de Pontevedra.



8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual




Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de xuño de 2021.



8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal




Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de xuño 9383 raios. Como se pode apreciar a xornada do 13 foi a que rexistrou máis raios en xuño (Figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en xuño de 2021.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias. Como se pode ver na Figura 16 o maior número de raios rexistrouse na provincia de Lugo, seguida pola de Ourense, mentres a provincia de A Coruña foi a que presentou un menor número de raios.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en xuño de 2021.



Na Figura 17 pódese ver o número total de raios rexistrados en xuño en Galicia dende o ano 2010 ao 2021. Pódese observar que este mes de xuño foi o terceiro ano que máis raios rexistraron dende que empezou a serie.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en xuño dende 2010 a 2021.

MeteoGalicia

Subdirección de Meteoroloxía e Cambio Climático

Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2021 Mes: 6

